



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



empregarse
procesos de ingreso

**Proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de Administración
da Xunta de Galicia, subgrupo A2,
escala técnica de finanzas.**

**Tercer
exercicio
(acceso libre)**

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

PROPOSTA B

1.- Determina se é posible realizar as seguintes transferencias de crédito, en que casos e a quen lle corresponde autorizalas:

- Transferencias de crédito desde o programa de imprevistos e funcións non clasificadas aos conceptos e artigos dos demais programas de gasto.
- Transferencias de crédito das dotacións non utilizadas nos programas das distintas seccións do orzamento aos distintos conceptos do programa de imprevistos e funcións non clasificadas.
- Transferencias de crédito entre un ou varios programas incluídos na mesma ou distinta función, dentro do mesmo grupo de funcións, correspondentes a servizos dunha mesma consellería.
- Transferencias de crédito entre programas incluídos en distinto grupo de funcións, correspondentes a servizos ou organismos autónomos dunha mesma consellería.
- Transferencias de crédito entre diferentes conceptos do capítulo II dun mesmo programa correspondente a diferentes servizos dependentes da mesma consellería.

2.- Segundo o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en que consisten os pagos a xustificar, en que supostos poderán expedirse ordes de pago a xustificar e en que prazos deberá xustificarse a aplicación das cantidades recibidas e deberá aprobarse ou repararse a conta rendida.

3.- Que prazo dispón a Intervención para fiscalizar os expedientes de gasto de conformidade co artigo 98 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario.

4.- Mediante comunicación de data 30/07/2011, remitida ao domicilio fiscal da sociedade anónima YY SA que tributa en réxime de consolidación fiscal, iníciáanse actuacións inspectoras de comprobación e investigación tributaria do Imposto sobre Sociedades correspondente ao exercicio 2008. Esta comunicación é recibida pola sociedade o día 03/08/2011. Indica, con fundamentos de dereito, a data na que como máximo deberán de concluír as actuacións inspectoras, supoñendo que no curso do procedemento non se produce ningún tipo de dilación nin interrupción, nin por parte da administración, nin por parte da sociedade.

5.-Indique os motivos de oposición contra a providencia de constrinximento.

6.- No Imposto da Renda das Persoas Físicas, unha parella de feito cun fillo común e na que ela ten dous fillos dun matrimonio anterior, poderán presentar declaración conxunta ela cos dous fillos do anterior matrimonio e el co fillo común? Indica, no seu caso, as posibilidades de tributación no IRPF.

7.- Unha persoa adquire mediante compravenda a núa propiedade dun ben inmovible, reservándose o transmitinte o usufruto vitalicio. Transcorridos dous anos o transmitinte falece. Terá lugar a adición do ben inmovible ao caudal hereditario do transmitinte na autoliquidación do Imposto sobre Sucesións e Doazóns que deben presentar os seus herdeiros?

8.- Véndese un inmovible en documento privado por un particular producíndose a traditio, ou entrega do ben. Se posteriormente se produce a elevación a escritura pública concorrendo identidade de suxeitos, obxecto e causa, cal será a tributación da operación?

9.- Unha persoa física adquire o negocio dun empresario individual, dedicado á hostalería, coa finalidade de continuar co exercicio da mesma actividade. Dentro dos elementos da actividade encóntrase o inmovible no que se sitúa o restaurante, como tributa a transmisión da totalidade deste patrimonio empresarial?

10.- Suxeito Pasivo no Imposto sobre o Xogo do Bingo.